

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 24/11/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SONIA OUTÓN CASAL

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 24/11/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 17 de novembro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/4591

Dáse conta de escrito presentado por D. José Ramón Louzao Calvo o 22/03/2022 no que debido ás obras de legalización de reforma interior, se solicita autorización do Concello para a utilización por parte das empresas do Grupo Louzao das fincas rexistras 42.733 e 42.734 que foron cedidas ao Concello polo anterior titular, situadas en Avda. de Pontevedra nº 50, indicando que no citado lugar se ubican totem e rótulos indicativos das marcas Toyota e Mercedes Benz, postos de recarga, zona de aparcamento e portal de entrada.

Vista a documentación obrante no expediente e os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a ocupación das citadas fincas, en precario, facendo constar que, no caso de que o Concello así o decida deberá deixar libres as fincas indicadas, no prazo que se lle fixe, sen dereito a ningunha indemnización.

PRP2025/4592

Visto o expediente tramitado para a concesión de licenza de obra para construción de edificio para 39 vivendas, garaxes e trasteiros en Avda. de Cambados, a instancia de D. José Alberto Simón Castro, en representación de Inversiones SIMRO SL, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle para a ocupación, cunha rampa, da zona de uso público co acceso a vehículos con destino á planta soto do citado edificio.

PRP2025/4511

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que na actualidade incrementouse a demanda de estacionamento para persoas con discapacidade nas inmediacións das piscina municipal e Pavillón Sara Gómez, existindo na actualidade 5 prazas sinalizadas fronte á entrada da piscina e considerando que se poderían habilitar outras cinco fronte ao pavillón, no tramo onde está permitido o estacionamento.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización de cinco novas prazas de estacionamento para persoas con discapacidade fronte ao Pavillón Sara Gómez, de

conformidade co indicado pola Policía Local.
Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2025/4512

Dáse conta de escrito, con número de rexistro 2025016127 (RE-831/25), de data 03/11/2025, presentada por Maria Angeles DOVAL GONZÁLEZ, con relación a vehículos que estacionan na calzada e que dificultan o acceso ao vao existente da súa propiedade, rua fonte figueirido.

Realizada inspección no lugar pola Policía Local indica que se pode apreciar que fronte ao vao o camiño alárgase, o que aproveitan os condutores para estacionar os seus vehículos nesta parte máis ancha do camiño, aínda así con vehículos estacionados á outra marxe onde se atopa o vao queda un ancho practicable de 4,60 metros, o que permite o acceso ao vao sen maior problema, polo que non procede a prohibición de estacionamento neste punto.

Visto o informe da Policía Local, acórdase comunicar á Sra. Doval González que non procede a prohibición do estacionamento solicitada.

PRP2025/4513

Dáse conta de escrito con número de rexistro WEB2025009579 (RE-841/25), de data 05/11/2025, presentado por Ramón LORENZO BARCALA, con relación aos problemas de visibilidade que padecen os usuarios da Travesía García Hermo ao acceder á rúa García Hermo, debido a que se plantaron unhas tullas que impiden a visión dos vehículos que proceden de Guillan con dirección Vilagarcía.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda polo Concello á instalación dun espello panorámico que emende este problema na intersección.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2025/4514

Dáse conta de escrito, con número de rexistro WEB2025009587 (RE-842/25), de data 05/11/2025, presentado por ASOCIACIÓN DE ATENCIÓN Á PARÁLISES CEREBRAL E AFÍNS, con relación aos problemas que veñen sufrindo debidos a que á hora do traslado dos usuarios do Centro Princesa Leticia, a reserva que teñen na actualidade non é suficiente para que os vehículos que os realizan, debido a que no frontal do edificio hai dúas prazas de estacionamento reservadas para persoas con discapacidade de carácter xeral, sendo utilizadas por persoas alleas ao citado centro, o que lles xera problemas á hora do traslado dos usuarios.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda ampliar a reserva que existe na actualidade a todo o frontal do edificio e así deixar espazo suficiente para os dous vehículos que realizan traslados. Esta reserva sería con limitación horaria de 08:30 h a 18:30 h, "AGÁS AUTORIZADOS", segundo o exposto na solicitude e fóra deste horario estaría permitido o estacionamento para os veciños.

Así mesmo que se proceda a trasladar as dúas prazas de estacionamento reservado para persoas con discapacidade de carácter xeral ao lugar máis próximo posible xa que existe unha demanda importante nesta zona.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2025/4525

Dáse conta do escrito presentado por Don José Manuel Romero Magrache, solicitando a devolución do vehículo, inmovilizado o día 7 de setembro de 2025, comprometéndose a non circular pola vía pública.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que se deberán cumprir os seguintes requisitos para a súa devolución:

1º. Pago da taxa de inmovilización e depósito, por importe de 573,00 €.

2º. Recoller o vehículo en guindastre ou medio análogo que impida a circulación pola vía pública.

3º. Quedar informado a prohibición de circular co vehículo de inmovilizado pola vía pública mentres non se subsanen as causas que motivaron a súa inmovilización.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a devolución do vehículo

inmovilizado, unha vez se cumpran os requisitos indicados no informe da Policía Local, incluíndo o abono da taxa de 573,00€.

PRP2025/4526

Dáse conta do escrito presentado por Don Belarmino Lago Diz, solicitando a devolución da bicicleta eléctrica con remolque, inmovilizada o día 7 de xullo de 2025, comprometéndose a non circular pola vía pública.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que se deberán cumprir os seguintes requisitos para a súa devolución:

1º. Pago da taxa de inmovilización e depósito, por importe de 35,00 €.

2º. Recoller a bicicleta en vehículo adecuado para evitar o seu desprazamento pola vía pública.

3º. Quedar informado a prohibición de circular co vehículo de inmovilizado pola vía pública.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a devolución da bicicleta eléctrica con remolque, unha vez se cumpran os requisitos indicados no informe da Policía Local, incluído o abono da taxa de 35,00€.

PRP2025/4552

Dáse conta de escrito, con número de rexistro 2025007594 (RE-349/25), de data 21/05/2025, presentado por José Manuel ABALO FALCÓN, solicitando a instalación de espello para mellorar a visibilidade na confluencia de Rúa Garabulla con Avenida de Berdón.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que efectivamente sería moi conveniente a instalación dun espello neste lugar debido á configuración da rúa, xa que se trata dun cruzamento en T, sendo modificado en peche de leira á altura do cruzamento con malla de ocultación que non permite a visibilidade na intersección. Desta forma lograríase que os vehículos que se aproximen a este punto calquera que sexa o seu sentido de circulación decátense da aproximación de algún vehículo por calquera das citadas vías.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda polo Concello á colocación do espello solicitado.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2025/4484

Dáse conta de informe da Policía Local, en relación con queixas pola sinalización existente na Rúa Sobradelo, concretamente entre os números 22 e 46, xa que esta zona está urbanizada igual que o tramo comprendido entre as interseccións de Avda. de Cambados e Rúa da Fonte de Figueirido, existindo neste tramo sinalización vertical de prohibido parar e estacionar (R-307) en ambos marxes, en nos dous sentidos de circulación, mentras que no tramo citado (do 22 ao 46), non existe esta sinalización e os vehículos estacionan sobre a beirarrúa, polo que sería conveniente a colocación de sinalización vertical nese tramo, igual á existente no primeiro tramo da Rúa.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización vertical do tramo da Rúa Sobradelo, entre os números 22 e 46, de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2025/4580

Dáse conta de informe-proposta do Servizo de Vías Públicas, na que se indica que o CEIP Anexo A Lomba trasladou ao Concello a existencia de problemas ocasionados pola falta de limpeza do canlón da entrada principal, o que provoca caída de auga e dificulta o acceso dos nenos ao centro.

Tras a inspección realizada, comprobouse que, ademais da limpeza e reparación do canalón da entrada, é necesaria tamén a reposición de varias chapas plásticas deterioradas e a limpeza do canalón no patio exterior do colexio.

CARACTERÍSTICAS DA OBRA:

- Desmontaxe das chapas plásticas rotas no patio exterior e posterior traslado a vertedoiro

autorizado.

- Colocación dunhas chapas novas e limpeza do canalón no patio exterior.
- Limpeza do canalón e reparación do mesmo na entrada principal. Inclúe o desatasco das baixantes, a montaxe e desmontaxe de andamios, así como o uso de máquina elevadora para a correcta execución dos traballos.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa REFORMAS TREBOL, S.L. con CIF: B94128675, por importe total de 6.594,50 €. (IVE incluído), con cargo á partida 320.212, para a limpeza e reparación do canalón da entrada principal, así como a reposición das chapas e a limpeza do canalón no patio exterior do CEIP Anexo A Lomba.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4583

Dáse conta de informe-proposta do Servizo de Vías Públicas, no que se indica que o CEIP A Escardia trasladou ao Concello a rotura do canalón da entrada principal, o que provoca que a auga desborde con forza contra a fachada, podendo causar filtracións de auga no edificio.

Tras a inspección realizada, comprobouse a necesidade de proceder á reparación e limpeza do canalón, así como ao desatasco das baixantes, sendo preciso o uso dunha máquina elevadora para a correcta execución dos traballos.

CARACTERÍSTICAS DA OBRA:

- Reparación do canalón da entrada principal.
- Limpeza do canalón da entrada principal e desatasco das baixantes.
- Aluguer de máquina elevadora para a execución dos traballos.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa REFORMAS TREBOL, S.L. con CIF: B94128675, por un importe total de 2.238,50 €. (IVE incluído), con cargo á partida 320.212, para a realización dos traballos de limpeza e reparación do canalón da entrada principal do CEIP A Escardia.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4510

A Xunta de Goberno Local, o 13/10/2025, aprobou o convenio regulador para a concesión directa da subvención a favor da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vilagarcía de Arousa con CIF G-36.213.213.

En data 21/10/2025, o convenio foi asinado polas partes.

En XGL de data 10/11/2025 foi aprobado o anticipo do 50 % do convenio, en base a cláusula 7 do citado convenio.

En data 09/11/2025 a Agrupación presenta escrito (WEB2025009726) solicitando prórroga para a xustificación final.

Segundo o convenio, a Agrupación ten de prazo ata o 30/11/2025 para presentar a xustificación final e como data límite das facturas o 15/11/2025, segundo a cláusula 8.

Polo Xefe do Servizo de Emerxencias solicítase prórroga para a xustificación do convenio.

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prórroga para a xustificación do convenio de colaboración subscrito entre o Concello e a Agrupación de Voluntarios Protección Civil de Vilagarcía de Arousa, sen exceder a data límite de peche do exercicio, que se prevé para o 16/12/2025.

PRP2025/4578

Dáse conta de informe-proposta do Servizo de Alumeado, no que se indica que o sistema de calefacción da Casa da Cultura de Cea atópase fóra de servizo, sendo necesaria a reparación do

queimador, as bombas, os aerotermos, os cronotermostatos e a cheminea, así como a limpeza da caldeira e do conduto de evacuación.

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Calefacciones Paulino SL para reparación e posta en marcha do sistema de calefacción da Casa de Cultura de Cea, por un importe total de 2.395,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.63200.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4496

Dáse conta de informe-proposta do Departamento de Informática no que indican que a lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, prevé a implantación dun novo sistema de denuncias (canal de denuncias) para as empresas e as administracións públicas.

Todas as entidades que integran o sector público están obrigadas a dispoñer dun canal de denuncias nos termos previstos na lei 2/2023. O Concello de Vilagarcía está obrigado a posuír este canal.

A configuración do canal de Denuncias debe reunir determinados requisitos, entre outros, o seu uso debe ser doado, garantías de confidencialidade, prácticas correctas de seguimento, investigación e protección do informante. Asemade, resulta indispensable para a eficacia do Canal de Denuncias a designación do responsable do seu correcto funcionamento.

O Concello de Vilagarcía está obrigado a implantar unha aplicación/plataforma informática que ofrezca aos empregados/cidadáns un canal de denuncias de acordo á lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

Unha vez realizada unha consulta entre os provedores de software e distintas administracións locais, chegan a conclusión que só existen dúas solucións para implantar o canal de denuncias ou ben desenvolver á aplicación con medios propios ou ven contratar a subscrición dunha licenza de uso dunha aplicación informática de xestión do canal de denuncias. Considero que a primeira opción non é viable por falla de medios técnicos e persoais.

A empresa ARANZADI LA LEY SAU ofrece a subscrición a unha aplicación web, forma de explotación “cloud”, denominada “Complylaw Canal Ético” que cumpre os requisitos exixidos pola lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

O Concello xa está subscrito, actualmente, a varios produtos desta empresa cun funcionamento e soporte postventa moi satisfactorio (ex. varias subscricións de consulta de lexislación vía web e unha aplicación informática vía web denominada Complylaw (para cumprir coas obrigacións do regulamento xeral de protección de datos).

Consideran que a mellor solución técnica para a posta en marcha dun canal de denuncias no Concello consiste na subscrición do uso da aplicación web “Complylaw Canal Ético” mediante unha forma de explotación “cloud”.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa ARANZADI LA LEY, SAU, con CIF/NIF: A58417346, unha subscrición de uso da aplicación web “Complylaw Canal Ético”(código: CLW17), explotación “cloud”, para o período do 01/01/2026 ao 31/12/2026, e os servizos de formación e posta en marcha (código: CLW18) por un importe de 5.693,05 € IVE incluído (21%), con cargo á partida 920.22706, de conformidade co orzamento presentado, designando como funcionario responsable do Canal no Concello a D. Manuel Franco Leis (Xefe de Servizo de RRHH).

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4615

Dende hai anos, o Concello patrocina e organiza a través de C&C Ocio a feira do Nadal

“Fexturrón”. O evento é un dos de maior éxito dentro dos incluídos na submarca “VGA365”: na última edición pasaron polo recinto de Fexdega máis de 80.000 persoas.

Para seguir mellorando a imaxe do pavillón, e de acordo coa Concellería de Promoción Económica, propónse a realización de 30 bandeiras (“banderolas”) de 120x400 cms a dobre cara, a colgar das cimbras dos corredores que se crean coa distribución das diversas atraccións. Establécense dous modelos: un, xenérico, coa marca do Concello e a submarca VGA365; e outro, específico de Fexturrón. Desta maneira, nun futuro poderán crearse modelos, por exemplo, para os torneos deportivos que tamén acollé Fexdega, pero sempre en combinación co xeral do Concello. De igual xeito, esas “banderolas” poderán utilizarse noutros recintos ou eventos que organice ou patrocine, ou ambas cousas, o Concello.

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Oficode SL, NIF B32184350. por importe de 2.640,00 € (3.194,40 €, IVE incluído), con cargo á partida 926.22613, para o subministro de 30 Uds. de bandeirolas de 120x400, dobre cara, para a actividade FEXTURRÓN 2025-2026.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4617

Dáse conta de informe-proposta do Servizo de Vías Públicas no que se indica que na rúa A Xunqueira, o Servizo de Obras executou a reparación dunha avaría no sistema de saneamento. Para realizar estes traballos foi preciso levantar toda a beirarrúa de formigón e parte do bordo. Coas reparacións de saneamento rematadas, cómpre agora repoñer a totalidade da beirarrúa afectada.

CARACTERISTICAS DA OBRA:

- Subministro, vertido e estendido dunha capa de formigón de planta H250, cun espesor de 12 cm. e reforzado con fibra.
- Aplicación de acabado con helicóptero enriquecido con cuarzo e cepillado final.
- Realización dos cortes precisos para a formación de xuntas de dilatación.
- Limpeza final da zona de obra.

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa GAROCAPRIM S.L. con CIF: B94016805, para as obras de reparación de beirarrúa como consecuencia dunha avaría de saneamento na Rúa A Xunqueira, por un importe total de 5.232,00 € + 1.098,72 € I.V.E. = 6.330,72 € (IVE incluído), con cargo á partida 160.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

RECURSOS HUMANOS

PRP2025/4517

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de outubro de 2025 e sesións atrasadas do mes de setembro de 2025, por un importe total de 15.450,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIONS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	
D. CARLOS COIRA LOJO	7	x 150,00 €	4	x 125,00 €	2	50,00 €	1.650,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	7	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1.300,00 €
Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ	7	x 150,00 €	4	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1.600,00 €

D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	7	x 150,00 €	4	x 125,00 €	2	50,00 €	1.650,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	3	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	700,00 €
D ^a M ^a ELENA SUAREZ SARMIENTO	3	x 150,00 €	4	x 125,00 €	---	x 50,00 €	950,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	2	x 150,00 €	4	x 125,00 €	1	x 50,00 €	850,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	3	x 150,00 €	4	x 125,00 €	---	x 50,00 €	950,00 €
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	3	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	450,00 €
D ^a MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	3	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	700,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	3	x 150,00 €	4	x 125,00 €	---	x 50,00 €	950,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	3	x 150,00 €	4	x 125,00 €	---	x 50,00 €	950,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	3	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	700,00 €
D ^a ROSA M ^a ABUIN RODRIGUEZ	3	x 150,00 €	4	x 125,00 €	2	x 50,00 €	1.050,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	3	x 150,00 €	4	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1.000,00 €
TOTAL							15.450,00 €

PRP2025/4518

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 31 de outubro de 2025, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
TOTAL	7.700,00 €			

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2025/4523

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por ISAMAR CAROLINA GANDARA GOTO, NIF: 11192621Q, e domicilio en PRAZA DA CONSTITUCION 3º - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 – España, MAIL (isamargandara4@gmail.com), infórmase pola Área de Promoción Económica:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025
- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente,

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención e o recoñecemento de obriga e aboamento a ISAMAR CAROLINA GANDARA GOTO, NIF: 11192621Q, da cantidade de OITOCENTOS CINCO EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (805,50 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

PRP2025/4550

O 2 de xullo de 2025, a empresa SERVICIOS INTEGRALES EN CONSTRUCCION ANLUC S.L., NIF B94076809, presentou solicitude de axuda por contía de 1.500 Euros pola contratación da/s alumnas/os do Obradoiro de Emprego: Daniel Barros Rodríguez, Informada favorablemente a súa solicitude, foille concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de 08/09/2025.

Xustificada debidamente a contratación efectuada, en sesión de XGL de 17 de novembro, acordouse o aboamento á solicitante da cantidade de 1.500 Euros.

O 13 de novembro de 2025, a beneficiaria informou da baixa voluntaria do alumno, e renunciando á percepción da axuda concedida, solicitando mediante instancia xenérica que non se lle ingrese a cantidade correspondente.

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Ter por formalizada renuncia por parte da empresa SERVICIOS INTEGRALES EN CONSTRUCCION ANLUC S.L., NIF B94076809, aprobando a mesma e polo tanto non proceder ao aboamento da cantidade concedida
- Dar traslado ao departamento de intervención aos efectos de que se efectúen ás operacións contables que corresponda.

PRP2025/4554

Dáse conta de proposta do Concelleiro de Promoción Económica, para adxudicación do contrato menor de Servizos de Seguridade para a vixilancia dos espazos e instalacións da Aldea de Nadal 2025.

Unha vez programada a montaxe dos elementos de decoración na rúa Clara Campoamor, faise preciso contratar a vixilancia do 17 de decembro de 2025 ao 5 de xaneiro de 2026.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de seguridade e vixilancia para as instalacións da Aldea de Nadal 2025, do 17 de decembro de 2025 ao 5 de xaneiro de 2026, á empresa SASEGUR S.L. CIF: B78976263, por importe de 5.845,79 € IVE incluído, con cargo á partida 4311-22799 do exercicio 2026, de conformidade cos orzamentos presentados.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4555

Para o Nadal 2025, as accións de dinamización comercial, desenvolveranse arredor de tres eixos principais:

1. Dinamización de rúas comerciais entre o 19 de decembro de 2025 e 5 de xaneiro de 2026.
2. Montaxe da Aldea de Nadal e dinamización comercial da mesma e da súa contorna dende o día 19 de decembro de 2025 e 5 de xaneiro de 2026 (ambos inclusive).
3. Deseño e realización de Xardíns efémeros e decoración de rúas comerciais de Vilagarcía (Nadal 2025-2026).

A temática inspiradora das accións de dinamización comercial para o Nadal 2025 será o “CONTO DE NADAL” de CHARLES DICKENS e a Inglaterra Vitoriana, para o que será preciso levar a cabo unha ambientación acorde coa temática, decoración, sonorización e iluminación artísticas dos espazos; que serán neste NADAL 2025, na renovada Rúa Clara Campoamor e na Praza Peixería.

Vista a proposta do Concelleiro de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro de elementos para montaxe dos Xardíns Efimeros, ás empresas e polos conceptos que se indican:

- Adxudicación a VIVEROS O PIÑEIRO S.L. , NIF B362133460, do contrato menor de subministro de elementos para montaxe e decoración dos xardíns efimeros, por importe de 13.800,00 € IVE

incluído, con cargo á partida 4311-22610.

– Adxudicación a VIVEIROS COMPOSTELA S.L., NIF C.I.F.: V15656390, do contrato menor de subministro de elementos verdes “poinsetia vermella” para xardíns efémeros por importe de 1.870,00 € IVE incluído, con cargo á partida 4311-22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4567

Para o Nadal 2025, as accións de dinamización comercial, desenvolveranse arredor de tres eixos principais:

1. Dinamización de rúas comerciais entre o 19 de decembro de 2025 e 5 de xaneiro de 2026.
2. Montaxe da Aldea de Nadal e dinamización comercial da mesma e da súa contorna dende o día 19 de decembro de 2025 e 5 de xaneiro de 2026 (ambos inclusive).
3. Deseño e realización de Xardíns efémeros e decoración de rúas comerciais de Vilagarcía (Nadal 2025-2026).

A temática inspiradora das accións de dinamización comercial para o Nadal 2025 será o “CONTO DE NADAL” de CHARLES DICKENS e a Inglaterra Vitoriana, para o que será preciso levar a cabo unha ambientación acorde coa temática, decoración, sonorización e iluminación artísticas dos espazos; que serán neste NADAL 2025, na renovada Rúa Clara Campoamor e na Praza Peixería.

Vista a proposta do Concelleiro de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos para a iluminación artística da Aldea de Nadal e Xardíns Efimeros 2025, á Empresa SISTREL EVENTOS S.L., NIF B-70565635, por importe de 3.892,09€ IVE incluído, con cargo á partida 4311-22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4572

A Xunta de Goberno Local, de data 1 de setembro de 2025 acordou aprobar a solicitude de subvención ao abeiro do Programa Plan de Fomento da Empregabilidade denominado “+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025”, para as seguintes titulacións:

- 1 Ciclo Superior (Área de Servizos Sociais);
- 1 Ciclo Superior (Área de Deportes)
- 1 Licenciado/a Grao (Área de Promoción Económica)

A solicitude de subvención para a contratación dos tres traballadores/as en formación é de 45.600€ para un contrato a tempo completo por 12 meses, sendo a aportación do concello de 31.354,92€ por ese mesmo período.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión de data 31 de outubro de 2025, acordou o outorgamento da condición de entidades colaboradoras do Proxecto +Emprega nos Concellos 2025 para financiar contratos formativos, polo que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa un importe total de 45.600€ para os custos da contratación por 12 meses a tempo completo de tres persoas en contratos formativos.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a citada subvención, cunha aportación municipal total de 31.354,92€.

Dar conta á Intervención Municipal para a creación do proxecto de gasto e xeración do crédito orzamentario suficiente para cumprir coa achega municipal.

PRP2025/4586

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por YINEIRI COROMOTO FRANCO CABRERA NIF: Y8519009F, e domicilio en Rúa DA FONTE- VILAXOAN Nº: 15 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36611 Vilagarcía de Arousa, MAIL (yiniyine@gmail.com), infórmase pola Área de Promoción Económica:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025

- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente,

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención e o recoñecemento de obriga e aboamento a YINEIRI COROMOTO FRANCO CABRERA NIF: Y8519009F, da cantidade de DOUS MIL CINCO CENTOS EUROS (2.500,00 €) con cargo á partida orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2025/4593

Dáse conta do escrito presentado por Dona Araceli Rey Fontenla, en representación da Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía, e Dona Mónica Suárez Mosquera, solicitando autorización para o cambio de mercado, do martes 6 de xaneiro de 2026 ao luns 5 de xaneiro de 2026, por coincidir en festivo e a apertura da praza de abastos así como a celebración do mercado e a apertura da praza de abastos o sábado 6 de decembro de 2025. Visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, en base á normativa da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

PRP2025/4594

Dáse conta de escrito presentado por Dona Tania Chao Fernández, en representación de OCP Sales Agents SL, solicitando se lle conceda, en réxime de aluguer, o posto nº 64 da Praza do Peixe da Praza de Abastos de Vilagarcía.

Visto o informe do Servizo de Mercados e de conformidade co artigo 20, punto 3 do Regulamento das Prazas de Abastos ", a Xunta de Goberno Local acorda conceder en réxime de aluguer, con carácter provisional, durante o prazo de dous anos, prorrogable por outros dous anos, o posto nº 64 da Praza do Peixe da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa a OCP Sales Agents SL, debendo estar en posesión de toda a documentación que lle acredite para exercer a venda na Praza de Abastos desta actividade.

Faise constar que a presente autorización provisional se concede polo prazo de dous anos prorrogables, previa solicitude, por outros dous anos.

PRP2025/4595

Dáse conta do escrito presentado por D. José Ramón Jiménez Jiménez, de solicitude dun espazo no mercado semanal de Vilagarcía para instalar un posto para a venda ambulante no mercado dos martes.

Dáse conta de informe do Xefe de Mercados, no que se indica que neste momento está formalizada a regulación anual, solicitando os vendedores ambulantes a licenza correspondente, previa a presentación de documentación esixida, en base ao Regulamento Municipal de Venda Ambulante, de data 20 de novembro de 2018. Dita documentación presentase no período comprendido entre o 15 de xaneiro e o 15 de febreiro de 2026, e sempre polo período de un ano. Polo Tanto, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non se pode conceder a autorización solicitada, indicandolle que tería que esperar á seguinte renovación anual de licenzas, a partir do 15 de xaneiro de 2026, por se queda algún posto libre que o Concello considere sacar a licitación, ou licenzas de venda ambulante sen renovar.

Dar conta ao Servizo de Mercados aos efectos oportunos.

PRP2025/4596

Vista a solicitude de D. Pablo Simancas Vázquez de cambio de titularidade ao seu favor do posto nº 1 da Zona I, da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, do que é concesionario D. Joaquín Ulloa Charlin, por ter cumpridas todas as formalidades requiridas no acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro de 2025.

Visto o informe do Xefe de Mercados, acórdase acceder ao cambio de titularidade solicitado, pasando o citado posto a nome de D. Pablo Simancas Vázquez, polo tempo que reste de vixencia da concesión, de conformidade co establecido no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos.

Dar conta ao Servizo de Mercados aos efectos oportunos.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE**TURISMO****PRP2025/4524**

A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa asinaron un convenio polo que a primeira financiaría, cunha achega de 7.000 €, os gastos derivados da celebración do concerto gratuito de ORQUESTA SAUDADE, no parque de A Xunqueira, o 17 de agosto, dentro das actividades das Festas de San Roque 2025.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A CELEBRACIÓN DAS ACTIVIDADES DAS FESTAS DE SAN ROQUE 2025, facendo constar o seguinte:

- Xustificación do cumprimento da finalidade para o que se concedeu a subvención: O concerto foi celebrado o día 17 de agosto, como estaba previsto e xa figuraba no convenio, con gran aceptación por parte do público, coma foi recollido nos medios de comunicación con edición local.

Respecto da difusión do financiamento obtido pola Deputación, o anagrama desa entidade figura no programa das festas, no cartel e nas insercións publicitarias nos medios de comunicación escritos.

- Os gastos xerados foron os seguintes:

PROVEDOR	Nº FRA	CONCEPTO	IMPORTE	DATA DE PAGO
DOS MAS DOS ESPECTACULOS Y MANAGEMENT, S.L.	73	CONCERTO DA ORQUESTA SAUDADE	10.890,00	05/09/2025

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**PRP2025/4565**

Mediante Resolución de transferencias, do 18 de xullo de 2025, da Secretaría de Estado de Igualdade foron transferidos os fondos asignados aos Concellos para o exercicio 2025 (BOE 29 de xullo de 2025). Esta resolución recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 22.104,31€.

A Resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1 de xullo de 2025 e o 30 de xuño de 2025 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2026.

Con motivo da celebración do 25N, Día Internacional contra a violencia de xénero, a Área de Igualdade - CIM ten prevista a realización dunha representación teatral acerca da lactancia materna, a través da que compartir e normalizar a angustia da crianza coa finalidade de alixerar as súas cargas físicas e mentais.

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización da citada actividade, con cargo á partida 2312.22615 (Proxecto 2025-3-subv-15-1), e a aprobación do orzamento presentado por Dona Marta Carrillo Gregorio, por un importe total de 550,00 € (IVE incluído), pola representación da peza teatral "A Peito Descuberto".

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2025/4626

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura dun Convenio para a concesión dunha subvención á Asociación Cine Clube Adega, por importe de 4.000,00 €, con cargo á partida 334.489, que ten por obxecto a colaboración coa Programación Regular onde se proxectan películas non comerciais en dous mércores de cada mes no Salón García e a tradicional Semana do Cine que se celebra durante o período estival.

CONTRATACIÓN

PRP2025/4568

Pola empresa que actualmente presta o servizo de limpeza de edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa, CLECE S.A, remítese proposta para a prestación do devandito servizo do 1 de setembro de 2025 ata o 31 de agosto de 2026, cun incremento do 3,63% en base previsións de inflación contidas no informe do Banco de España (marzo 2025) sobre proxeccións macroeconómicas da economía española 2025-2027, que sitúa a inflación en un 2,5% para 2025 e un 1,7% para 2026.

Na actualidade a continuidade do servizo unicamente é posible durante 1 mes de 2025 (novembro).

A man de obra supón aproximadamente un 85% do custe do servizo. O convenio colectivo de aplicación é o Convenio Colectivo provincial de limpeza de edificios e locais da provincia de Pontevedra, que rematou a súa vixencia en decembro de 2022 e que foi denunciado na súa totalidade. No convenio indícase en canto á súa duración e vixencia que se entenderá tacitamente prorrogado por períodos anuais sempre que por calquera das partes non sexa denunciado cando menos con tres meses de antelación ao seu vencemento ou de calquera das súas prórrogas. Caso de non chegar a una negociación despois de realizada a denuncia, o texto do convenio quedará prorrogado, non así os conceptos salariais que aumentarán de acordo coa la subida do IPC real.”

Actualmente estase a negociar un novo convenio colectivo de limpeza da provincia de Pontevedra, que no caso de non chegar a acordo, implicará que os salarios aumenten coa subida do IPC real.

A empresa remite a relación de instalacións onde actualmente se realiza a limpeza e no que se reflexa o seu custe mensual, que ascende a 121.380,30 € (con IVE). O custe anual do servizo ascende a 1.453.321,24 € (con IVE).

A necesidade de continuar coa prestación do servizo de limpeza en tanto non se adxudica o novo contrato, ven determinada por razóns de hixiene e salubridade pública, xa que a falta de limpeza nos edificios e instalacións que dependen do concello de Vilagarcía de Arousa (colexios, escolas infantís, auditorio, casa consistorial, instalacións deportivas, Fexdega, etc.) determinaría a imposibilidade de prestar os servizos públicos aos que están adscritos os mesmos co conseguinte perxuízo para os cidadáns.

Realizada a retención de crédito para garantir a suficiencia e adecuación do crédito orzamentario para a continuidade da prestación, no FPSDM e as distintas transferencias de crédito no orzamento municipal do Concello (no que se inclúe as instalacións de Fexdega) para o mesmo.

O edificio da fundación Fexdega, pertence a devandita Fundación Feiras e Exposicións de Galicia. A fundación réxese polo Padroado, sendo o seu Presidente o Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa. Tanto o edificio como os terreos circundantes veñen sendo xestionados dende o Concello de Vilagarcía de Arousa e, destinase maioritariamente servizos municipais básicos, motivo polo que o Concello asume a súa conservación e mantemento, atopándose dentro destas obrigas, a limpeza das instalacións do recinto de Fexdega.

Polo anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- A continuidade da prestación dos servizos de limpeza das dependencias e instalacións municipais, colexios públicos, e recinto Fexdega, por parte da empresa CLECE S.A. para o mes de novembro de 2025 por importe de 107.620,65 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias que de seguido se relacionan para un prazo dun mes de 2025:

APLICACION ORZAMENTARIA	COSTE DE 1 MES DE 2025	PROXECTO
133-22700	407,54	
135-22700	549,50	
1530-22700	711,20	
1722-22700	2.852,15	
2311-22700	2.921,44	2025/3/CRRTE/2
241-22700	432,77	
320-22700	57.218,01	
323-22700	4.968,67	2025/3/CRRTR/1
3261-22700	1.910,05	
3262-22700	1.289,51	
3321-22700	6.327,69	
334-22700	9.883,40	
4312-22700	7.745,52	
432-22700	374,21	
459-22700	200,31	
920-22700	9.828,69	
TOTAL	107.620,65	

2.- A continuidade da prestación dos servizos de limpeza das dependencias e instalacións deportivas (FUNDACIÓN DE DEPORTES), por parte da empresa CLECE S.A. para o mes de novembro de 2025 por importe de 13.759,65 €, con cargo á aplicación orzamentaria que de seguido se relaciona:

APLICACION ORZAMENTARIA	COSTE DE 1 MES DE 2025	PROXECTO
342-22700	13.759,65	FUNDACION DE DEPORTES
TOTAL	13.759,65	

PRP2025/4522

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de xaneiro de 2025, aprobouse o proxecto técnico denominado “Reforma e ampliación do saneamento nun tramo da Avda. Rosalía de Castro (O Carril)”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, cun orzamento de licitación de 122.489,93 €, IVE engadido. (CSV: 5XNMQUJIRM0BG9BL)

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 14 de xullo de 2025, acordou a adxudicación do contrato á mercantil Construcciones Vale, S.L., por importe de 93.881,95€ (sen IVE) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 19.715,21€, o que totaliza un importe (IVE engadido) de 113.597,16€.

A sinatura da acta de comprobación de replanteo tivo lugar o 15 de setembro de 2025.

Polo enxeñeiro técnico municipal, director da obra, solicítase autorización para a redacción de proxecto modificado, con data 5 de novembro.

Tendo en conta o orzamento do modificado que se propón, a comparativa co orzamento de adxudicación e o proxecto técnico é a seguinte:

Concepto	Importe modificado	Importe adxudicación	Importe proxecto
Orzamento de Execución Material	98.597,20€		85.068,36€
Gastos Xerais 13%	12.817,64€		11.058,89€
Beneficio Industrial 6%	5.915,83€		5.104,10€
Orzamento sen IVE (valor estimado)	117.330,67€	93.881,95€	101.231,35€
IVA 21 %	24.639,44€	19.715,21€	21.258,58€

Orzamento de Execución por Contrata (IVE engadido)	141.970,11 €	113.597,16€	122.489,93€
--	--------------	-------------	-------------

O modificado proposto supón un aumento (IVE engadido) de 28.372,95€ (+24,9768%), sobre o importe de adxudicación do contrato e de 19.480,18€ (+15,90%) sobre o prezo de licitación (+19.480,18€ -IVE engadido-).

Aos efectos da obrigatoriedade do modificado para o contratista, a porcentaxe de modificación sobre o prezo inicial do contrato (prezo de adxudicación) ascende ao 24,9768%, polo que en aplicación do establecido no artigo 206 e 242 la LCSP, de aprobarse a modificación polo órgano de contratación, esta non sería obrigatoria para o adxudicatario do contrato.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a redacción de proxecto modificado da obra “Reforma e ampliación do saneamento nun tramo da Avda. Rosalía de Castro (O Carril)”, polo director de obra, dándolle audiencia ao contratista, por prazo mínimo de tres días. No proxecto modificado deberán constar un cadro comparativo dos prezos do proxecto, os de adxudicación e o resultante de aprobarse o modificado, coa porcentaxe de aumento.

Unha vez realizado ditos trámites será sometido á consideración da Xunta de Goberno Local, acompañado do informe xurídico correspondente.

PRP2025/4597

A Xunta de Goberno Local do concello de Vilagarcía de Arousa, celebrada o 19 de maio de 2025, entre outros acordos, aprobou o proxecto técnico denominado «Peonalización e humanización da rúa Vicente Risco e un tramo da Praza de España», cun orzamento de execución por contrata de 400.000€.

Tramítase a instancia da Concellería de Servizos e Obras Públicas, expediente de contratación para adxudicar as obras incluídas no proxecto « Peonalización e humanización da rúa Vicente Risco e un tramo da Praza de España », ditándose Providencia de Incoación, con data 4 de novembro de 2025.

O Ente Público Augas de Galicia ditou resolución autorizando as obras, con data 14 de outubro de 2025 (CVE: MuvOxhyNuH7).

No expediente constan, entre outros, os seguintes documentos: memoria xustificativa de necesidade, providencia de incoación, proxecto técnico (que inclúe as prescricións técnicas), informe de supervisión onde se xustifica a non división en lotes, prego de cláusulas administrativas particulares e informe xurídico.

